



RESOLUCION

Co obxectivo de favorecer que as familias de Pazos de Borbén poidan conciliar a vida laboral e familiar durante as vacacións de verán, e coa finalidade de que os/as menores gocen do seu tempo libre dunha forma lúdica e educativa diferente e habitual, o Concello de Pazos de Borbén organiza a actividade “Campamento de Verán 2025” que se desenvolverá durante os meses de xullo e agosto de 2025.

En consecuencia, en aplicación das competencias municipais a que fan referencia os artigos 25.2 l) e 25.2 o) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e das competencias que me corresponden en aplicación do artigo 21 do mesmo texto legal,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e as seguintes bases:

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE “CAMPAMENTO DE VERAN 2025”

1. Obxecto

O Concello de Pazos de Borbén a través do Departamento de Servizos Sociais, organiza a actividade de “Campamento de Verán 2025”, coa finalidade de favorecer a conciliación persoal, familiar e laboral das familias en época non lectiva, ofrecendo unha alternativa de lecer e tempo libre que axude a fomentar o desenvolvemento integral dos/as participantes a través da educación en valores dunha maneira lúdica, e que incluíra un módulo relacionado coas políticas de igualdade e a prevención da violencia de xénero, así como a promoción de hábitos saudables.

2. Prazas.

Para este ano, o número de prazas coas que conta o “Campamento de Verán 2025” será de 120 para o campamento de 3 a 12 anos (30 para cada quenda), e de 20 prazas para o campamento de 13 a 16 anos (10 prazas para cada quenda).

Para o campamento de 3 a 12 anos, ofrécese o servizo de tuper en horario de 14:00 a 16.30 horas para un mínimo de 7 participantes, sempre que o soliciten previamente.

3. Persoas destinatarias.

Poderán solicitar a participación no “Campamento de Verán 2025”:

- Nenos e nenas nados entre os anos 2013 e 2021, escolarizados entre 1º curso de infantil e 6º curso de primaria, para o campamento de 3 a 12 anos, e nenos e nenas nados entre os anos 2009 e 2012 escolarizados entre 1º e 4º da ESO, para o campamento de 13 a 16 anos de idade. Para ambas modalidades enténdese escolarizados no presente curso escolar 2024 – 2025.





CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN
(PONTEVEDRA)

- Preferentemente nenos/as empadroados no concello de Pazos de Borbén, cuxos proxenitores/titores precisen conciliación laboral e/ou familiar, e reúnan algunha das seguintes condicións:
 - ☐ Familia monoparental / monomarental.
 - ☐ Víctimas de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.
 - ☐ Mulleres en desemprego de longa duración.
 - ☐ Mulleres maiores de 45 anos.
 - ☐ Mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social.
 - ☐ Unidades familiares onde existan outras cargas relacionadas cos coidados dos menores.
 - ☐ Estar traballando.
 - ☐ Ter persoas dependentes ao seu cargo.
 - ☐ Realizar un curso de formación.
 - ☐ Atoparse en situación de vulnerabilidade.
- Nenos e nenas empadroados/as que, cumprindo co baremo de idades requirido para participar nesta actividade, os seus proxenitores/titores non se atopen en ningunha das situación anteriormente descritas.

As persoas non empadroadas no concello de Pazos de Borbén poderán presentar as solicitudes e quedarán nunha lista de agarda, e se hai prazas vacantes no momento de finalización do prazo de inscrición, acudirase para a súa adxudicación aos criterios recollidos nas presentes bases.

Os/as menores con necesidades educativas especiais (NEE) ou que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

4. Data, horario, quendas e lugar de celebración.

As datas de celebración do mesmo irán dende o 1 de xullo ata o 29 de agosto de 2025.

O horario establecido para o campamento de 3 a 12 anos será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, salvo festivos, contando coa posibilidade de conciliación de 8:30 ás 9:00 e dende as 14:00 ata as 14:30 horas, previa solicitude.

Para o campamento de nenos e nenas de 13 a 16 anos o horario será os martes e xoves de 10:30 a 13:30 horas.





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Coa finalidade de poder beneficiarse máis nenos e nenas, nesta ocasión o campamento será organizado por quendas.

Para o campamento de 3 a 12 anos:

- 1ª Quenda: Dende o 1 ao 15 de xullo (inclusive)
- 2ª Quenda: Do 16 ao 31 de xullo (inclusive, o día 25 é festivo e non haberá actividade)
- 3ª Quenda: Do 1 ao 15 de agosto (inclusive, o día 15 é festivo e non haberá actividade)
- 4ª Quenda: Do 18 ao 29 de agosto (inclusive)

Para o campamento de 13 a 16 anos:

- 1ª Quenda: Do 1 ao 31 de xullo
- 2ª Quenda: Do 1 ao 29 de agosto

O “Campamento de Verán 2025” desenvolverase nas seguintes instalacións:

- O campamento de 3 a 12 anos de idade levarase a cabo no CPI Curros Enríquez.
- O campamento de 13 a 16 anos desenvolverase no campo de fútbol de Nespereira.

5. Inscripcións.

As persoas interesadas en participar en calquera das dúas modalidades do “Campamento de Verán 2025” deberán presentar a solicitude (anexo I) debidamente cumprimentada e asinada xunto coa documentación requirida de acordo co punto 7 destas bases, desde o día seguinte á publicación destas bases ata as 14:00 horas do día 26 de xuño de 2025.

Soamente se poderán presentar presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Pazos de Borbén en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou vía sede electrónica a través de instancia xeral achegando a solicitude (anexo I) e a documentación correspondente (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>)

Os impresos estarán dispoñibles no departamento de Servizos Sociais do concello, a través do correo electrónico ssocial@pazosdeborben.gal, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Todas as solicitudes que estean incompletas e/ou se entreguen fóra deste prazo non serán admitidas.

6. Prezo da actividade.

A actividade “Campamento de Verán 2025” está subvencionada polo Programa do Plan Corresponsables pertencente á Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Pazos de Borbén. Os interesados non terán que abonar nada en concepto de inscrición.





7. Documentación necesaria para formalizar a solicitude.

Obrigatoriamente terase que presentar a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición para formalizar a solicitude (Anexo I).
- Cobertura do impreso de autorización para a captación de imaxes.
- Cuestionario de saúde e autonomía persoal.
- Documento de relación de persoas autorizadas para a recollida dos/das menores.
- Fotocopia do DNI do proxenitor/titor.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da declaración do IRPF correspondente ao ano 2024, ou de ser o caso xustificantes de ingresos relativos ao ano 2024 dos membros que forman a unidade familiar.
- Volante de convivencia do menor, no caso de non estar empadroadado no Concello de Pazos de Borbén.

Dependendo da situación laboral na que se atopen os/as proxenitores/titores:

- Certificado de empresa ou copia da vida laboral actualizada, para traballadores por conta allea ou en situación de suspensión temporal do contrato de traballo (ERTE).
- Copia do último resgardo do pago do seguro social de réxime especial de traballadores autónomos (RETA), para traballadores autónomos.

Dependendo da situación familiar ou persoal na que se atopen os/as proxenitores/titores:

- Resolución administrativa acreditativa da situación de dependencia ou informe de Servizos Sociais, cando se teña ao seu cargo a unha persoa dependente.
- Xustificante de matrícula, que inclúa horario e datas de realización do curso, no caso de proxenitores/titores que estean a realizar un curso de formación.
- Informe de Servizos Sociais, cando os proxenitores/titores estén incursos nunha situación de especial vulnerabilidade.

A persoa participante poderá presentar a seguinte documentación opcional para a súa baremación:





- Fotocopia do título de familia monoparental / monomarental.
- Fotocopia da certificación da orden de protección ou a medida cautelar, fotocopia da sentenza que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades establecidas na lei, informe de servizos sociais ou sanitarios da administración pública, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia ou calquera outra que se estableza regulamentariamente.
- Fotocopia do certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.
- Informe médico do menor, no que se indique enfermidades, alerxias e medicacións.
- Fotocopia da sentenza de divorcio e /ou convenio regulador.

8. Criterios de baremación.

- Vítima de violencia de xénero: 10 puntos
- No suposto de que a nai/titora, pai/titor ou representante legal do menor, sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia segundo a Lei 39/2006: 10 puntos
- Familias cuxa unidade familiar perciba ingresos inferiores a 6,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2021 (IPREM): 10 puntos
- Familias cuxa unidade familiar perciba ingresos superiores a 6,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2021 (IPREM): 5 puntos
- Familias nas que traballen, se atopen en situación de ERTE ou se atopen participando en accións, medidas ou programas pertencentes ás políticas activas de emprego os dous proxenitores ou titores/as: 10 puntos
- Familias nas que soamente traballe, se atope en situación de ERTE ou se atope participando en accións, medidas ou programas pertencentes ás políticas activas de emprego unha das persoas proxenitoras/titoras: 5 puntos
- Familias monoparentais/monomarentais traballando, en situación de ERTE ou participando en accións, medidas ou programas pertencentes ás políticas activas de emprego: 10 puntos
- Familias monoparentais/monomarentais que non se atopen traballando: 5 puntos

No caso de empate con igualdade de puntuación para a obtención de praza adxudicárase considerando a orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Pazos de Borbén. Entenderase a orde de entrada da solicitude no rexistro, a data e hora de presentación da última documentación presentada en relación coa solicitude, é dicir cando este completa toda a documentación relacionada coa solicitude.

A falta de presentación de documentación establecida na base 7, para acreditar as situacións e circunstancias específicas sinaladas nesta base, suporá a renuncia implícita a ser





valorado no epígrafe correspondente no baremo.

9. Procedemento de adxudicación de prazas.

A adxudicación de prazas é directa, sempre que as solicitudes avaliadas estean completas e cumpran os requisitos mínimos establecidos no punto 3 destas bases, e non se supere o número de prazas ofertadas.

No suposto de que o número de solicitudes que cumpran os requisitos mínimos establecidos no punto 3 destas bases, supere o número de prazas ofertadas aplicarase a baremación establecida na base 8 das presentes bases, ata cubrir a totalidade das prazas, creando unha listaxe de reservas para cubrir posibles baixas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas as mesmas, procederase o día 27 de xuño de 2025 á publicación da listaxe provisional de solicitantes.

Abrirase un prazo para a presentación de alegacións e/ou corrección de erros dende a publicación da listaxe provisional ata o día 29 de xuño.

O día 30 de xuño publicarase a listaxe definitiva de beneficiarios no taboleiro de anuncios dixital do concello, na sede electrónica do mesmo <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0> e na páxina web municipal.

10. Publicidade da actividade.

As bases que rexen esta convocatoria, xunto co anexo I estará a disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais do concello de Pazos de Borbén, na páxina web do concello e na sede electrónica do concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/info.0>

Para máis información: Concello de Pazos de Borbén en horario de 9:00 a 14:00 horas, no teléfono 986497035 e no correo electrónico ssocial@pazosdeborben.gal.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do concello, na sede electrónica e na páxina web do concello de Pazos de Borbén, a efectos de que comece o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes polos interesados.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Servizos Sociais aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

